



18 de Maio de 2022

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS
O Poder Dos Museos



ICOM PRAGUE 2022

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO
PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES MAIO 2022



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

O PODER DOS MUSEOS

Os contidos dos museos tradicionais, mesmo os edificios que ocupan, representan, consciente ou inconscientemente, ámbitos de poder. O pasado dos edificios históricos que albergan os catro museos integrados na Rede Museística Provincial evocan ben algúns deses poderes.

A fortaleza defensiva, amparo de privilexios señoriais, que ocupa o Museo de San Paio de Narla, a acomodada vida pacega da nobreza rural galega que transmite o Museo Pazo de Tor, o poder da igrexa e das ordes relixiosas que simboliza o antigo cenobio franciscano e agora é Museo Provincial, e a vella escola construída pola filantropía indiana e actualmente Museo Provincial do Mar.

Os museos que ocupan estes vellos edificios, queirámolo ou non, reproducen, máis alá das funcións que lles son propias, modelos a imitar.

Rara vez se atopa nestes centros memoria dos estamentos sociais máis humildes. Non hai lugar para a historia nin para a capacidade creativa das clases subalternas. Mais, quizais xa vai sendo hora de facérmonos esta pregunta: existirían eses poderes sen servidumes?

O lema escollido polo ICOM para o DIM deste ano, "O poder dos museos", provoca que reflexionemos sobre o concepto 'poder' desde os museos. O poder entendido como posibilidade de cambiar o que non nos gusta, como capacidade de revisar os camiños que transitamos para facer brotar desde debaixo da terra a memoria máis humilde, sobre todo a delas, a das mulleres que sostiveron e sosteñen con ímprobo traballo e fatigas incontables os urdidos das tramas xerárquicas de todos os poderes.



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

EU EN TI, TI EN MIN

Obradoiros coa Asociación Raiolas (As. de pais, nais e persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA) e Trastornos da Comunicación Social (TCS).

Datas: 9, 10, 11 e 13 de maio.

Lugar: Museo Provincial de Lugo.

O PODER DO MUSEO COMO FERRAMENTA DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

10:15h.-Recepción da vicepresidenta da Deputación de Lugo, Maite Ferreiro, a xerente da RMPL e da directora do Museo Provincial de Lugo

10,30h.- **Presentación por parte de Encarna Lago de Proxectos de Museoloxía Social da RMPL aplicando os tres elementos da xustiza social: clase, procedencia e xénero** aos representantes de Artability de Rumania, Lituania e Grecia.

11:00 Obradoiro **CONCIENCIA COLECTIVA CREATIVA** a cargo do artista Alberto Pena para usuariXs de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade).

Data: 11 de maio.

Lugar: Museo Provincial de Lugo.

ITINERANCIAS - Mulleres Rurais

Participación da xerente da RMPL Encarna Lago González na mesa **“Como implementar políticas culturais sostenibles para afrontar el despoblamiento en el medio rural. La importancia de los agentes culturales”**.

13 de maio.

Lugar: Cantabria.

A HORA DE GALICIA

Recreación dun programa de radio desde a clandestinidade, facendo así unha homenaxe ao gran labor divulgativo que se fixo desde o exilio e tamén desde o propio país, adentándonos así na maxia da comunicación oculta. O programa de radio basearase na figura do autor homenaxeado este ano 2022 facendo difusión da súa obra máis reivindicativa.

Data: 14 de maio.

Horario: 11:00h a 13:00h.

Idade recomendada, a partir de 5 anos.

Lugar: Museo Provincial de Lugo.

O PODER DA LINGUA: Día das Letras Galegas

Confeccionaremos unha fortaleza de palabras na nosa lingua realizando unha muralla lingüística a través de elementos reciclables.

Data: 17 de maio.

Hora: 12:00h a 14:00h.

Todas as idades.

Lugar: Museo Provincial de Lugo.

CON MANDIL

Visita guiada con Lucía Dequidt

Data: 18 de maio.

Hora: 11:00h.

Todos os públicos.

“O Poder dos Museos e a súa capacidade transformadora, tecendo co terceiro sector”.

Presentación de Encarna Lago, xerente da RMPL, acompañada das 15 entidades proxectarase o documental **SINTONÍAS: 15 ANOS DA REDE LUCENSE DE VOLUNTARIADO.**

Data: 18 de maio.

Hora: 12:00h.

Todos os públicos.

Lugar: Museo Provincial de Lugo.

FORZA HEROICA: DIM2022

Traballando as emocións e recorrendo a nosa mente converteremos as nosas debilidades nas nosas fortalezas, ensinando a forza de cada un/unha de nós trasladada a comunidade museolóxica.

Deste xeito mostraremos a implicación dos nosos museos no eido social, esencial para consolidar a sociedade libre, democrática e culta citada anteriormente.

Data: 18 de maio.

Horario: 18:00h a 20:00h.

Todas as idades.

Lugar: Museo Provincial de Lugo.

XX XORNADAS PEDAGÓXICAS

O poder da educación nos museos (Ver programa específico para o día 25 de maio de 2022).

EXPOSICIÓNS

Proximidade Llunyana

Lugar: Refectorio do MPLugo.

Somos 113+, de Evelín Ruíz Crego.

(ata o 30 de maio)

Lugar: Sala Multiusos do MPLugo.

Lugo Diversxs

Inauguración: 4 de maio.

Lugar: Sede COGAMI.

ConTornos 2021

(do 7 de abril ao 9 de maio).

Lugar: Sala Pazo de San Marcos.

Quique Guerra

Inauguración: 20 de maio (do 20 de maio ao 29 de xuño).

Lugar: Sala MPLugo.

Asociación de amigos do Camiño de Santiago

Inauguración: 30 de maio.

Lugar: Sala Pazo de San Marcos.



MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

FOTOGRAFÍA A CEGAS, con Carmen Porteiro

V edición do proxecto Fotografía a Cegas impartido por Carmen Porteiro.

Data: 7 de maio.

Horario: 10:30 a 13:00h.

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla.

NOITE DOS MUSEOS:

SoTERRAdas: a vida tralos mantelos, da fortaleza ao pazo.

20:30h.- Inauguración a cargo da vicepresidenta Maite Ferreiro e presentación-explicación por Encarna Lago, responsable deste novo proxecto de xénero e igualdade cambiando o relato museolóxico e a museografía.

Data: 14 de maio.

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla.

A HORA DE GALICIA

Recreación dun programa de radio desde a clandestinidade, facendo así unha homenaxe ao gran labor divulgativo que se fixo desde o exilio e tamén desde o propio país, adentándonos así na maxia da comunicación oculta. O programa de radio basearase na figura do autor homenaxeado este ano 2022 facendo difusión da súa obra máis reivindicativa.

Data: 14 de maio.

Horario: 20:40 h a 21:15h.

Idades recomendadas, a partir de 5 anos.

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla.

UNHA NOITE BAIXO AS ESTRELAS

Unha noite baixo as estrelas busca engadir á Noite dos Museos un toque estelar, divertido e científico ao Museo Fortaleza San Paio de Narla.

-Obradoiro Planisferio

Breve introdución á observación astronómica do ceo galego.

Data: 14 de maio.

Horario: 21:15h a 22:30h.

Todas as idades.

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla.

-Picnic

Data: 14 de maio.

Horario: 22:30h.

Todas as idades.

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla.

-Observación Astronómica

Observación nocturna a ceo aberto onde poñeremos en práctica os coñecementos adquiridos sobre a localización das constelacións mentres desfrutamos do ceo de maio en Galicia.

Data: 14 de maio.

Horario: 23:00h a 00:00h.

Todas as idades.

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla.

TECENDO PONTES: Día das Letras Galegas

Homenaxeando a Florencio Delgado Gurriarán, poñeremos en valor palabras galegas de difícil tradución que van ser definidas noutras linguas e intercambiadas entre os catro museos, homenaxeando así a súa faceta como tradutor. Simbolicamente, cada unha das palabras escribirase nunha caixa de cartón e conxuntamente construiremos esa ponte de unión. Para exemplificar a actividade, partiremos de dúas palabras, SAUDADE e VIEIROS, presentes na obra de Delgado Gurriarán, sendo o título de dúas revistas creadas desde o exilio. Por outra parte, dicir que as palabras que buscamos definir serán aquelas que forman parte da identidade dialectal de cada zona, traballando así dous dos aspectos característicos da obra de este autor, a obra lírica de Valdeorras e a poesía crioula de admiración cara o país de acollida.

Data: 17 de maio.

Horario: 12:00h a 14:00h.

Todas as idades.

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla

FORZA HEROICA: DIM2022

Traballando as emocións e recorrendo a nosa mente converteremos as nosas debilidades nas nosas fortalezas, ensinando a forza de cada un/unha de nós trasladada a comunidade museolóxica.

Deste xeito mostraremos a implicación dos nosos museos no eido social, esencial para consolidar a sociedade libre, democrática e culta citada anteriormente.

Data: 18 de maio

Horario: 18:00h a 20:00h

Todas as idades.

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla

XX XORNADAS PEDAGÓXICAS

O poder da educación nos museos

(Ver programa específico para o día 26 de maio 2022).



MUSEO PROVINCIAL DO MAR

MUSEOS PODEROSOS

Tomando como referente o lema do DIM 2022, imos realizar unha colaxe onde traballaremos e difundiremos o poder que teñen os museos para transformar aquilo que nos rodea.

Data: 29 de abril.

Horario: 17:00h a 18:30h.

Club Sénior

Lugar: Museo Provincial do Mar.

MUSEOS PODEROSOS

Tomando como referente o lema do DIM 2022, imos realizar unha colaxe onde traballaremos e difundiremos o poder que teñen os museos para transformar aquilo que nos rodea.

Data: 30 de abril.

Horario: 11:30h a 13:30h.

Club Pequeamigxs

Lugar: Museo Provincial do Mar.

MUSEOS PODEROSOS

Tomando como referente o lema do DIM 2022, imos realizar unha colaxe onde traballaremos e difundiremos o poder que teñen os museos para transformar aquilo que nos rodea.

Data: 10 de maio.

Horario: 17:00h a 18:30h.

Club Sénior

Lugar: Museo Provincial do Mar.

O PODER DA LINGUA

Confeccionaremos unha fortaleza de palabras na nosa lingua realizando unha muralla lingüística a través de elementos reciclables.

Data: 12 de maio.

Horario: 18:30h a 20:00h.

Asociación Camiña Burela.

Lugar: Museo Provincial do Mar.

O PODER DA LINGUA

Confeccionaremos unha fortaleza de palabras na nosa lingua realizando unha muralla lingüística a través de elementos reciclables.

Data: 14 de maio.

Horario: 11:30h a 13:30h.

Club Pequeamigxs

Lugar: Museo Provincial do Mar.

O PODER DA LINGUA

Confeccionaremos unha fortaleza de palabras na nosa lingua realizando unha muralla lingüística a través de elementos reciclables.

Data: 17 de maio.

Horario: Ao longo do día.

Para todas as idades.

Lugar: Museo Provincial do Mar.

MUSEOS PODEROSOS

Tomando como referente o lema do DIM 2022, imos realizar unha colaxe onde traballaremos e difundiremos o poder que teñen os museos para transformar aquilo que nos rodea.

Data: 18 de maio.

Horario: Ao longo do día.

Todas as idades.

Lugar: Museo Provincial do Mar.

XX XORNADAS PEDAGÓXICAS

O poder da educación nos museos

(Ver programa específico para o día 2 de xuño de 2022).



MUSEO PAZO DE TOR

II Xornadas Pacegas

‘SoTERRAdas: a vida tralos mantelos, da fortaleza ao pazo’



Nas **II Xornadas Pacegas** baixo o título *Soterradas: a vida tralos mantelos, da fortaleza ao pazo* tentamos pórle voz á memoria oculta, esquecida e silenciada.

Lugar: Museo Pazo de Tor

Inscripcións: concertacionsrmp@gmail.com

PROGRAMA

Día: 18 de maio

16:30h Inauguración da vicepresidenta da Deputación Provincial Maite Ferreiro
Presentación e visita guiada a cargo da responsable do proxecto museolóxico e museográfico de xénero e igualdade, Encarna Lago: *SoTERRAdas: a vida tralos mantelos, da fortaleza ao pazo*, acompañada por Ángeles Rivada González.

17:00 Presentación de Proxectos “*O Poder da creatividade e a innovación dos museos*”:

1. RESIDENCIA POÉTICA. “ESCRITA NO REMOTO” Fundación Uxío Novoneyra&Museo Pazo de Tor (Rede Museística Provincial).
2. Imaxes Sacras Proxecto de Fotografía e transformación Social para a Comunidade.
3. Proxecto[DA] TERRA SEMENTE [DÁ] SEMENTE TERRA
4. Proxecto COIDADOS, VULNERABILIDADES E DEPENDENCIAS:
INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS NA RMPL.

18:00h.-*Os traballos das criadas e dos criados na Galiza do Antigo Réxime*, a cargo de Isidro Dubert.

19:00h.-*Amas de cría e economías familiares en Galicia (1750-1900)*, a cargo de María Luisa Muñoz Abeledo.

Día: 19 de maio

17:00h.-*Desenterrando o pasado. Das servas dos castelos ás servas encasteladas*, a cargo de Carolina Casal.

Mesa Persoal RMPL: *Museos e Poder*

17:30h.-Descanso

18.00h.-*Da deshonra á marxinação: vítimas de estupro na Galiza dos séculos XVI e XVII*, a cargo de María Seijas Montero.

18:45h.-*422 anos despois. Unha orixe mítica para a Rede Museística*, a cargo de Simón Vicente López.

XX XORNADAS PEDAGÓXICAS


O poder da educación nos museos

(Ver programa específico para o día 1 de xuño de 2022).



XX Xornadas Pedagóxicas

O poder da educación nos museos



Primeira xornada: 25 de maio de 2022

Lugar: Museo Provincial de Lugo

Programa:

16:00h-16:30h.– Presentación das xornadas e entrega material

16:30h-17:00h.– “Museos e educación. Ante o reto da pandemia: programación multicanle”. Encarna Lago, Xerente da RMPL.

17:00h-17:30h.– “Situando al Museo desde la acción educativa”. Ana Moreno, Coordinadora da Área de Educación do Museo Nacional do Prado.

17:30h-17:45h.– Descanso

17:45h-20:15h.– “Introdución á programación escolar do MPL a través de casos prácticos”:

- “Rumbo 2030. Os museos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible”. José Urbano Cuevas, Auxiliar de Sala da RMPL.

- “Do museo á aula: escape room online e maletas viaxeiras”. Victoria García e Javier Rego, Auxiliares de Sala da RMPL.
 - “Efecto espello: Retrato, autorretrato e selfie”. Lucía Dequidt, Guía do MPL.
 - “Visita ao Lugo Romano”. María Losada, Guía do MPL.
 - “As Rutas literarias do MPL: literatura, patrimonio e traballo en equipo”. Omar L. Canto, Auxiliar de Sala da RMPL.
 - “Museum outing. Museos que saen do armario”. Pilar Sánchez, Auxiliar de Sala da RMPL.
- 20:15h-20:35h.– “Hackeando o discurso dos museos”. Encarna Lago, xerente da Rede Museística Provincial de Lugo; Carola Casal, Museóloga-Conservadora, investigadora de Museos. Docente. Divulgadora. Xestora Cultural ; José Urbano Cuevas, Auxiliar de Sala da RMPL, e Vega L. Segalà, Samuel García e Sara Campo, Club Pequeamigxs e Club EI! da RMPL.
- 20:35h – 21:00h.- Mesa de debate e clausura.

Segunda xornada: 26 de maio

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla

Programa:

- 16:00h-16:45h.– Saída de Lugo e viaxe ao Museo San Paio de Narla
- 16:45h-17:15h.– “Como traballar desde a educación os recursos do territorio”. Alexandra Rey, Xestora cultural, artista e deseñadora gráfica.
- 17:15h-17:45h.– “O noso heroe volve a casa. O neno de Friol que levou a primeira vacina ata América”. Antonio López Jo, xornalista.
- 17:45h-18:00h.– Descanso
- 18:00h-18:30h.– “Comunidade e territorio. A proposta pedagóxica “Fotografías centrípedas”. Patricia Coucheiro, Mestra e comunicadora audiovisual.
- 18:30h-20:30h.– “A programación escolar do Museo Fortaleza San Paio de Narla”. Paula Arias, Ariadna Segalà e Rosa Sanmartino, Auxiliares de Sala da Rede Museística Provincial de Lugo.
- 20:30h-21:00h.– Debate e clausura
- 21:00h.– Viaxe de clausura a Lugo.

Terceira xornada: 1 de xuño, modalidade presencial.

Lugar: Museo Pazo de Tor

Programa:

- 16:00h-16:45h.– Saída de Lugo e viaxe ao Museo Pazo de Tor.
- 16:45h-17:15h.– “Ronsel de futuro. A webserie como recurso didáctico”. Encarna Lago (Xerente da RMPL), Rubén Pérez e Brian Rodríguez (Sr. López Producións).
- 17:15h-19:15h.– Obradoiro a cargo de María Gar, artista.
- 19:15h-19:30h.– Descanso
- 19:30h-20:30h.– “Introdución á programación escolar do Museo Pazo de Tor a través de casos prácticos”.
- “O teu gabinete de curiosidades”. Verónica Fernández e Simón Vicente, Auxiliares de Sala da RMPL
 - “Travesía pola historia do Pazo de Tor”. Tar López, Encargado de Auxiliares de Sala da RMPL.
- 20:30h-21:00h.– Debate de clausura
- 21:00h.– Viaxe de regreso a Lugo

Cuarta xornada: 2 de xuño

Lugar: Museo Provincial do Mar. Formato online.

Programa:

16:00h-16:15h.– Inicio da conexión e presentación

16:15h-16:45h.– “Hibridar el museo. Sobre pizarras, tizas y gafas de realidad aumentada”. Rufino Ferreras, Xefe da Área de Educación do Museo Thyssen Bornemisza de Madrid.

16:45h-18:45h.– “Mulleres artistas. 500 anos, 2 décadas”. Virginia Rivas, artista.

18:45h-19:00h.– Descanso

19:00h-20:00h.– “Introdución á programación escolar do Museo Provincial do Mar”. Ángeles Miguélez, Encargada de Auxiliares de Sala.

20:00h-21:00h.– “Un ronsel de futuro. A educación nos museos da RMPL: de onde vimos e cara onde imos”. Coloquio co persoal da Rede Museística Provincial de Lugo.

INSCRICIÓN

-Docentes a través de L2101076 fprofe: edu.xunta.gal/fprofe

-Profesionais dos museos e estudantes (10 prazas): concertacionsrmp@gmail.com

Inscripcións abertas: ata o 20 de maio de 2022.



+ info

Museo Provincial de Lugo. Tfno.: 982 242 112 / info@museolugo.org

Museo Fortaleza San Paio de Narla. Narla (Friol). Tfno.: 982 375 156 / sanpaiodenarla@museolugo.org

Museo Provincial do Mar. San Cibrao (Cervo). Tfno.: 982 594 572 // museodomar@museolugo.org

Museo Pazo de Tor. Tor (Monforte de Lemos). Tfno.: 982 165 534 / pazodetor@museolugo.org

Xerencia Rede Museística. Tfno.: 699 836 883 / xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org / comunidadermpl@gmail.com